



R E V I S T A O R A L

Nº 7

Sábado, 26 de setembro de 2009. Revista oral de periodicidade semestral, editada polo **Museo Provincial do Mar** (da Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **19 horas**. Lugar: **Museo Provincial do Mar**, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Duración aprox.: **1,30 h.**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

A voz dos carraos súmase aos parabéns ao Museo Provincial do Mar no seu 40º aniversario (11 de outubro de 1969-2009), e quere render homenaxe de agradecemento a todas as persoas que fixeron posible o seu nacemento, ás que o mantiveron e ás que traballan polo seu futuro.

SUMARIO

Portada musical

Tema: *Aquí vin, aquí cheguei* (Instrumento: corna-gaitela)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Cos ollos dos nenos: Memoria vivida nos obradoiros de verán no Museo P. do Mar

Videorede: *O pasado* (8')

Música

Tema: *A subila e a baixala* (Instrumento: cabaza)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Poesía

A boca do río, por **Laura Branco** (5')

Música

Tema: *O ai-Jota do Piñeiro* (Instrumento: gaita de cana)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Cos ollos dos nenos: Memoria vivida nos obradoiros de verán no Museo P. do Mar

Videorede: *de onte a hoxe*, por **Paco Fra e Lucas** (8')

Música

Tema: *Sete cuncas* (Instrumento: caldeiro)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Poesía

O novo dia abre-nos as costelas, por **Laura Branco** (5')

Música

Tema: *Esta noite vou de ronda*
(Instrumento: gaita grileira)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Exposición

Ás portas de Rinlo, por **Fernando F. Páez**
(10')

Música

Tema: *O rula* (Instrumento: legón)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Cos ollos dos nenos: Memoria vivida nos obradoiros de verán no Museo P. do Mar

Videorede: *De hoxe en adiante* (8')

Música

Tema: *O pote vello* (Instrumento: vara de sabugueiro)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

Poesía

As baleias de Sandycove, por **Laura Branco** (5')

Opinión

Intervención do público (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *A batalla de Rande* (Instrumento: cunca-cadro de cordel)
Intérprete: **Xavier Blanco** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Xavier Blanco

Naceu en Moaña (Pontevedra). É mestre gaiteiro e Técnico en Cultura Tradicional do concello de Moaña. Desenvolve e xenera a través da Escola-Obradoiro de instrumentos musicais galegos un valor social que garante a recuperación, mantemento e difusión das tradicións culturais e folclóricas de Galiza. Herdeiro da sabedoría da saga dos Soledás, a súa principal fonte de inspiración son as persoas de máis idade, das que aprende ao tempo que toma a responsabilidade da difusión dos coñecementos transmitidos polos seus devanceiros. Como mestre artesán constrúe e restaura instrumentos tradicionais galegos, aplicando antigas técnicas de construcción aprendidas dos vellos. Ten recuperado desde un verniz ecológico (fabricado dunha maneira totalmente natural) até técnicas de mariñado de madeiras ou aproveitamento de madeiras frutais, coñecementos que aplica no proceso de construcción dos instrumentos. É autor de varias publicacións e das gravacións "Instrumentos probres", "A gaita de cana" e

Laura Branco

Naceu en Foz (Lugo) en 1984. Licenciada nas Filoloxías Portuguesa e Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, na actualidade realiza estudos de Doutoramento no programa Teoría da Literatura e Literatura Comparada. En 2006 entra a facer parte do grupo de investigación GALABRA (sobre os sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de língua portuguesa) desta universidade e, en cualidade de investigadora en formación, é membro do equipo que no seo deste grupo está a desenvolver un proxecto sobre o período histórico da Ilustración na Galiza, asunto central da súa tese. Esta faceta como investigadora combínase co hábito da escritura cuxa adquisición se remonta aos inicios da adolescencia, e ten algúns poemas publicados na revista *Agália*. Os poemas con

que intervirá na presente entrega da revista *A voz dos carraos* fan parte do seu poemario inédito *Doenças dum espelho*.

Fernando F. Páez

Natural de Ribadeo, licenciado en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes de Valencia. Expuxo en diferentes galerías de Madrid, Londres, Salamanca, León, A Coruña e Ribadeo: *Ás portas de Rinlo* (2009); *6 Olladas* (2008); *Percorridos* (2008); *El placer de Leer* (2005); *Photography Portrait Price* (2005); *Portrait Nacional Gallery* (2005). Foi ecoñecido con premios como "Accesit 18 Caminos de Hierro". Renfe-Adif. Madrid (2004); 1º Premio Nacional de fotografía Caja España, León (2003); 1º Premio de Creación Fotográfica "VLuis Ksado". Deputación de A Coruña (2002); PREMIO en Fotografía "Por la Vida". Seguros Mafre Finisterre, Valencia (2001); Medalla de ouro, Austrian Hasselblad Supercircuit, Austria (2000) e 1º Premio de "Fotografía Matemática", 9ª Xornadas JAEM (1999).

Videorede

Este verán desenvolveuse nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo unha actividade con este nome, coa que se pretendía pór en comunicación aos maiores, os que ateosuran o saber, cos más novos, os que o han herdar para o futuro. Os museos, neste caso, foron os intermediarios que propiciaron este diálogo interxeneracional. Os resultados están na mirada e nas palabras dos nenos e nenas que participaron nos obradoiros e que van intervir nesta revista.

.....